

#### 4.- POTENCIAS BURGUESAS E NOVOS ESTADOS.

##### O ESTADO BURGUEÉS.

Os novos réximes políticos impostos ó longo do s.XIX, mantiveron a Monarquía, pero unha **Monarquía Constitucional** aínda que baseada na **ideoloxía da gran burguesía conservadora (liberalismo moderado)**, caracterizada por:

- O mantemento do rei no poder executivo, que ten a primacía sobre o legislativo.
- O predominio de Parlamentos bicamerais, onde o Senado é unha Cámara de designación real, non elexible polos cidadáns.
- Hai dereitos e liberdades individuais, pero restrinxidas polo Goberno(censura de prensa, liberdade de cultos pero só no ámbito privado, limitación do dereito de reunión e asociación).
- Sufraxio censatario (limitación do dereito a voto según as rendas económicas).
- Supremacía do dereito de propiedade e liberdade económica.
- Réximes favorables a burguesía industrial e financeira e ós terratenentes agrarios.
- Creación dun Nacionalismo de estado, de carácter patriótico e agresivo, intolerante coas minorías lingüísticas,relixiosas ou étnicas.

Nas décadas finais do s.XIX e principios do XX, introdúcense gradualmente modificacións que inician a consolidación dunha verdadeira democracia nos estados europeos occidentais. Así, **ampliouse o dereito a voto (sufraxio universal masculino) e o poder do Parlamento sobre os gobernos**, na maioría dos países europeos, ademáis de recoñecer a **liberdade total de opinión e prensa, o dereito de reunión e asociación e a liberdade de cultos**, chegando incluso en algún países como Francia a separación entre Igrexa e Estado.

**A partir de 1860, xurde nos EEUU, Francia e Gran Bretaña o movemento sufraxista que pide o voto para as mulleres.** Aínda que esta conquista foi lenta, en 1893 Nova Celandia foi o primeiro país en recoñecelo, seguido de Australia, Finlandia e Noruega, ampliándose a outros países despois da 1ª Guerra mundial (Gran Bretaña en 1917, España en 1931).

##### AS GRANDES POTENCIAS EUROPEAS: GRAN BRETAÑA E FRANCIA.

A Inglaterra Vitoriana (1837-1914).- Na segunda metade do s.XIX, Gran Bretaña convírtese na principal potencia colonial e industrial do mundo. Xunto a **prosperidade económica atopamos unha grande estabilidade política. Este período de de progreso coñécese como era vitoriana**, por coincidir co longo reinado da raíña Vitoria I (1837-1901).

**As bases do sistema foron a Coroa e o Parlamento bicameral formado pola Cámara dos Comúns**, elixida por sufraxio censatario, e a **Cámara dos Lores**, de carácter vitalicio. Ademáis a práctica política consistiu en levar a cabo **reformas que permitiran incorporar gradualmente ó sistema ás masas populares, para evitar as revolucións e democratizar as institucións.**

Outra característica deste período foi o **bipartidismo ou alternancia no goberno de dous partidos**: o conservador (Tories) e o Liberal (Whigs).

O reformismo supuxo a **separación do Estado e a Igrexa anglicana, a limitación de poderes da Cámara dos Lores e a progresiva ampliación dos dereitos sociais e sindicais** (dereito de folga pacífica, a sanidade pública, contratos de traballo...).

A pesar de todos os avances, **na sociedade vitoriana existiu unha forte desigualdade social**, o que unido a gran organización dos sindicatos británicos, levou a fortes tensións sociais. **En 1906, as masas obreiras fundaron o Partido Laborista, de inspiración socialista** que recibirá os votos dos obreiros.

Francia. Do Segundo Imperio a Terceira República.- O desenvolvemento político de Francia no s.XIX, caracterízase pola **inestabilidade dos seus réximes, con continuas alteracións constitucionais, pasándose das fórmulas monárquicas as republicanas** en pouco tempo.

En 1851, proclamouse o Segundo Imperio Francés, tras o golpe de Estado no que **Luis-Napoleón Bonaparte acabou coa Segunda República e implantou un goberno autoritario e personalista**, mantendo os principios liberais burgueses (defensa da propiedade, igualdade xurídica, certas liberdades públicas...), pero cun poder lexislativo sometido ó executivo.

O seu goberno se viu favorecida por unha **próspera coxuntura económica**, desenvolvendo **unha activa política imperialista** (en África e Indochina), apoiando a construción do Canal de Suez en 1869 e **intervindo en conflitos europeos a favor dos liberais e nacionalistas** (apoiou a Italia contra Austria), pero **a derrota en 1870 contra Prusia provocou a súa abdicación**.

A Terceira República Francesa, foi proclamada en 1870, e tras o fracaso da Comuna de París, **proclamouse unha República moderada en 1875, apoiada pola burguesía urbana e agraria**, cunha Asemblea Nacional elixida por sufraxio universal (zonas urbanas) e un Senado conservador (membros das zonas rurais).

**Os gobernos republicanos continuaron a política colonial en África e Asia e introduciron reformas democráticas** como a liberdade de reunión e prensa (1881), o ensino estatal, laico e gratuito (1882), a liberdade sindical e a lei do divorcio (1884), redución da xornada laboral feminina (1893) e a lei de accidentes no traballo (1898).

**A partir de 1899, un intento de golpe de estado fallido e un escándalo de espionaxe político, leva ós partidos de esquerda ó poder, apoiados pola pequena burguesía**, continuando e radicalizando as reformas iniciadas polo goberno anterior (secularización educativa, xornada de 8 horas, xubilación obreira...). **Os gobernos dos republicanos radicais contaron coa colaboración dos socialistas.**

## **OS NOVOS ESTADOS: AS UNIFICACIÓNS DE ITALIA E ALEMAÑA.**

A mediados do s.XIX, na Europa Central, existían un gran mosaico de reinos e nacións de pequeno tamaño, algún dentro dos grandes imperios e outros independentes. Precisamente dous destes estados independentes, **Piemonte e Prusia, serán os protagonistas de dous**

**procesos de unificación nacional, o de Italia e o de Alemaña, resultado de dúas longas guerras (1861-70).**

A Unificación Italiana.- Dividida desde a Idade Media en diferentes reinos e estados, tras o Congreso de Viena a península itálica quedou separada en sete Estados diferentes, algúns sometidos ós austríacos.

**A conciencia nacional italiana estaba moi extendida polos intelectuais (Mazzini, Verdi), fronte ós dous poderes que máis dificultaban a unificación: os austríacos e o Papa.**

Tras os fracasos dos primeiros intentos republicanos e demócratas de 1830 e 1840 (insurreccións populares), empezou a xestarse entre os círculos nacionalistas, a **idea dunha unificación encabezada por un Estado forte, que vai a ser o Reino de Piemonte-Sardegna, onde reinaba a dinastía italiana dos Savoia**, cun sistema de Monarquía Constitucional.

**Os protagonistas deste proceso unificador foron o conde de Cavour e Garibaldi.** Aínda que seguindo métodos diferentes (Cavour a vía aristocrática e diplomática e Garibaldi a insurrección popular revolucionaria), o esforzo dos dous fixo posible a unión.

O proceso de unificación foi rápido. En 1859 Cavour consegue a anexión de Lombardía, co apoio de Francia fronte a Austria, e en 1860 o exército de Piemonte avanza cara o centro incorporando os territorios de Parma, Módena e Toscana. No Sur, os "*camisas vermellas*" de Garibaldi conquistan Sicilia e Nápoles.

**A comezos de 1861 Vitor Manuel II, rei de Piemonte, foi proclamado rei de Italia.** Entre 1866 e 1870, os italianos co apoio de Prusia, conseguiron facerse co territorio de Venecia ante os austríacos e cos Estados Pontificios ante o Papado (o que provocou a oposición do Papa, prisioneiro en Roma e que se negou a colaborar co novo estado italiano ata 1929).

No novo reino de Italia aplicouse o Estatuto de Piemonte, cunha **Monarquía Constitucional, onde o poder executivo era do rei, e un Parlamento elixido por sufraxio censatario** (2% dos cidadáns). Ata 1912, non se aprobou o sufraxio universal masculino.

No futuro, **Italia convertírase nunha potencia de segunda orde en Europa, cun gran desequilibrio entre o Norte**, industrial e urbano, e o Sur, pobre e agrario, onde se produce unha forte emigración a América. **Italia incorporouse a carreira colonial**, pero con escaso éxito, creando un pequeno imperio en África (Libia, Eritrea, Somalia).

A Unificación Alemana.- Dividida en numerosos Estados, **os territorios xermánicos uníronse en torno a Prusia, para formar unha das grandes potencias europeas**, tanto desde o punto de vista económico como militar, **baixo o liderazgo do chanceler Bismarck.**

En 1815, no Congreso de Viena, creouse a **Confederación Xermánica, formada por 39 Estados, cada un deles con leis e gobernos propios, pero cunha forte conciencia nacional común, estimulada polos intelectuais** (Hegel, Fichte).

Tralos fracasos de 1830 e 1848, a idea da unión fragou por medio da **creación dun espazo económico e aduaneiro común, o Zollverein**, en 1833. **A partir de 1860, o protagonismo**

**unificador recaeu en Prusia e no seu chanceler Otto von Bismarck**, cun método no que misturou a guerra e a diplomacia.

Entre 1864 e 1870, levou a cabo tres campañas militares, contra Dinamarca en 1864 ocupando o ducado danés de Schleswig, de maioría alemá, **contra Austria en 1866, excluindo os austríacos da unificación e creando a Confederación alemá do Norte** liderada polo rei de Prusia, e **contra Francia en 1870, unificando nun patriotismo antifrancés, todos os Estados alemáns do Sur, conseguindo tras a vitoria a creación do novo Estado Alemán** e a anexión dos territorios franceses fronterizos de Alsacia e Lorena.

O Segundo Imperio Alemán. - A unificación alemá supuxo a **creación do Segundo Imperio Alemán, unha alianza de monarcas co predominio do rei de Prusia** (que exercía o goberno imperial coa axuda do chanceler) e con órganos de goberno comúns, na que **o modelo político baseouse nunha Monarquía Constitucional Confederal**, con autonomía dos diferentes Estados.

Era un **goberno autoritario con predominio do exército, da nobreza terratenente e da burguesía industrial**, enfrontándose as minorías católicas e socialdemócratas, cunha lexislación anticlerical (separación da Igrexa e do Estado e control educativo sobre o ensino) e de represión do movemento obreiro (prohibición do dereito de reunión e de expresión).

A unificación favoreceu o desenvolvemento económico de Alemaña, convertíndose nunha das grandes potencias mundiais xunto a Gran Bretaña.

As Alianzas de Bismarck. - Bismarck foi un político moi hábil, que logrou mediante diversas alianzas cos países europeos, manter illada a súa gran rival Francia.

**A 1ª Alianza (1872-78), firmouna cos emperadores austro-húngaro e ruso** (Entente dos tres emperadores), pero fracasou pola rivalidade destes dous países polos Balcáns.

**A 2ª Alianza (1879-86)**, baseouse na **alianza cos austríacos, a neutralidade con Rusia sobre os Balcáns, e a Tripla Alianza, con austríacos e italianos**, para defenderse de Francia.

**A 3ª Alianza (1887-90)**, consolidou as alianzas anteriores, e a neutralidade rusa, excepto nos casos de ataque contra Francia ou Austria-Hungría.

**Estes acordos converten a Bismarck no árbitro da diplomacia internacional**, conseguindo manter a paz entre as grandes potencias. **A dimisión de Bismarck en 1890, provocada polo emperador Guillerme II, provocou un cambio na política exterior alemá**, que rompeu o tratado de neutralidade con Rusia e enemistouse con Gran Bretaña ó aumentar o seu poderío naval. En 1892, **a alianza de Rusia con Francia inicia o proceso de aumento das tensións internacionais que culminarán na 1ª Guerra Mundial**.

## **O IMPERIO AUSTROHÚNGARO.**

**A comezos do s.XIX, o Danubio e os Balcáns, estaban nas máns do Imperio austriaco e turco, sendo zonas de gran complexidade étnica** o que provocou ó longo do século numerosas tensións e revoltas nacionalistas por parte dos numerosos pobos sometidos.

O Imperio austrohúngaro, despois de 1814 ampliou os seus territorios, pero na 1ª metade do século as revoltas liberais e nacionais provocaron fortes conflitos na zona, sobre todo en 1848.

**O desprestixio austriaco pola perda dos territorios no Norte de Italia (Piemonte) e centro de Europa (Sur de Alemaña), estimularon as reivindicacións nacionalistas, sobre todo húngaras.**

**En 1867, crease a chamada Monarquía Dual dentro do Imperio Austrohúngaro, con dúas partes autónomas con Parlamentos e gobernos separados pero cun exército común e un só Emperador como xefe do Estado en Viena. Ademais do exército, e do rei, a nobreza e a Igrexa, foron os pilares do sistema fronte as minorías étnicas.**

Os problemas nacionalistas foron en aumento a partir de 1867, xa que **tanto austriacos como húngaros, sometían as demais minorías** (eslovenos, croatas, checos, eslovacos, polacos, romaneses) **nos seus respectivos dominios, sobre todo ós eslavos do sur** (serbios, montenegrinos, bosnios), **que non gozaban dos mesmos dereitos cos húngaros e solicitaban un goberno propio**, reivindicacións que non foron atendidas, e que no futuro serán motivo de fortes tensións bélicas.

#### **A EUROPA BALCÁNICA.**

Desde o s.XVI, a zona dos Balcáns forma parte do extenso Imperio Turco, que chegaba desde o Danubio ata Persia. **No s.XIX, os turcos foron perdendo territorios, pola independencia dalgúns pobos sometidos** (Grecia, 1830), **ou pola rivalidade coas potencias veciñas como rusos e austriacos**, aparecendo novos Estados como Montenegro (1799), Serbia (1826), Romanía (1861), que aínda que dependentes dos turcos actuaban con total liberdade.

**A partir de 1875 agrávanse as tensións nacionalistas en Bosnia e Bulgaria.** A dura represión dos turcos, motivou a intervención militar rusa que obrigou ó Imperio Turco a darlle a independencia a Bulgaria, pero **os austriacos convocaron un Congreso en Berlín en 1878, no que se chegou ós acordos, de que Bosnia fose administrada por Austria e Bulgaria continuase dependendo dos turcos, non conseguindo a súa total independencia ata 1908.**

As crises e guerras balcánicas acentuáronse a partir dos anos finais do s.XIX. **En 1908, aproveitando a debilidade turca, os austriacos con apoio alemán fanse co control de Bosnia-Herzegovina, agravando a rivalidade con Rusia e Serbia.**

Entre 1912-13, sucédense dúas guerras nos Balcáns. Na primeira **Grecia, Serbia e Bulgaria aliadas, expulsan os turcos dos Balcáns**, pero a falta de acordo entre elas para repartirse o territorio, leva a unha nova guerra de todos os países balcánicos contra Bulgaria, na que todos gañan territorios, **aparecendo Albania como novo estado independente.**

A paz non remata cos conflitos entre os países balcánicos, que continuarán nos anos vindeiros, sobre todo **o enfrontamento dos serbios, apoiados por Rusia, con Austria, que acabará levando a Europa a unha guerra global.**